

José Agustín Goytisolo

ERA un gran poeta. Era un grande amigo. Suicidouse o 19 de marzal botándose á rúa desde a fiestra do terceiro piso do seu domicilio barcelonés.

Cofiecin e tratei os seus irmáns Juan e Luis. Pero era a José Agustín ó que mais quería. Bebía e fumaba moito e padecía periódicas depresións.

Era o derradeiro que quedaba da escola de poetas —en castelán— de Barcelona, da xeración dos anos 50, xunto con Jaime Gil de Biedma e Carlos Barral. A súa obra poética percorre por estas catro canles: a ironía, o amor, a solidariedade e un fondo sentimento humano.

José Agustín Goytisolo é autor de numerosos e importantes poemarios, entre os que cómpre salientar os titulados: *El retorno* (1955), *Salmos al viento* (1957), *Años decisivos* (1961), *Bajo tolerancia* (1974), *Taller de arquitectura* (1974) y *Del tiempo y el olvido* (1975). E tamén *Palabras con Julia* (a súa filla), *Paula* (que lle puxo música Paco Ibáñez), *La noche es propicia* e *Novísima oda a Barcelona* (os dous de 1992). En 1995 publicou uns epigramas titulados *Cuadernos de El Escorial*.

A de José Agustín é sem-

pre unha voz emocionada. E tamén de protesta. Ás veces, coma nestes versos de *Años decisivos*, tenta rescatar en van o tempo pasado:

Lo que tú hubieras sido
ha quedado en el aire
perdido para siempre en el tiempo...

En 1962, o meu amigo agora morto traxicamente prologou o meu libro de poemas en castelán titulado *Mi voz en carne viva*. Cofiezo ben a súa xenerosidade disimulada en intres baixo a máscara do sarcasmo.

Recordo agora as veces que estiven na súa casa —na que vivía coa súa dona Asunción, irmá de Luis e José María Carandell, á que vin nunha reunión cuns amigos hai poucos meses— desde que o cofiecin nos anos 50.

Cantas lembranzas xorden na miña memoria vencelladas a este amigo, José Agustín Goytisolo, que tanto quería e admiraba.

A súa trágica morte desacógame de cotío. E teño viva a súa imaxe nos ollos invadidos pola tristeza.

un abrazo



Por
Xavier
Costa
Clavell